



INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA TÉCNICA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO CUNCA (EXPEDIENTE IN408A 2019/02).

UBICACIÓN: CONCELLO DE VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA).

SOLICITANTE: SECCIÓN DE ENERXÍA DO SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN.

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, S.L.

OBXECTO

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 8 de abril de 2021, da Sección de Enerxía do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Cunha, situado no concello de Vila de Cruces (provincia de Pontevedra) de novembro de 2020 e da Separata Técnica de Augas de Galicia do Parque Eólico Cunha, de novembro de 2020, presentados polo promotor, en cumprimento do establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, do artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e nos artigos 127 e 131 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica modificado polo Real decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica e demais normativa vixente de aplicación.

O obxecto do Estudo de Impacto Ambiental é subministrar información das afeccións ambientais derivadas da instalación e explotación do Parque Eólico Cunha, así como as medidas correctoras, minimizadoras e compensatorias previstas, dando cumprimento á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e a súa posterior modificación mediante a Lei 9/2018, do 5 de decembro.

A Separata de Augas de Galicia, ten por obxecto informar a Augas de Galicia das posibles afeccións que puidesen derivarse da execución do Parque Eólico Cunha e proceder á tramitación e solicitude de validación da mesma.

ANTECEDENTES

Con data do 4 de xaneiro de 2019, Green Capital Power SL presentou solicitude de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Cunha (número de expediente IN408A 2019/02) ao amparo da Lei 8/2009, do 22 de decembro modificada pola disposición final sétima da Lei 5/2017, do 17 de outubro.

O 15 de marzo de 2019, a Dirección Xeral de Enerxía e Mina da Consellería de Economía, Emprego e Industria, emite notificación de admisión a trámite do Parque Eólico Cunha ao amparo da Lei 8/2009, do 22 de decembro modificada pola disposición final sétima da Lei 5/2017, do 17 de outubro.





O 31 de xaneiro de 2020, a Axencia Española de Seguridade Aérea "AESA", autoriza a Green Capital Power, SL á instalación do proxecto segundo as coordenadas especificadas no expediente (P19-0114).

Con data do 23 de maio de 2019, Green Capital Power, SL, acredita ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o permiso de acceso do Parque Eólico Cunca, na Subestación de Silleda 400 kV de Rede Eléctrica de España (en diante REE), e o 27 de febreiro de 2020 acredítase o permiso de conexión segundo o Informe de Verificación das Condicións Técnicas de Conexión remitido por REE.

Para a evacuación da enerxía xerada no parque eólico, proxéctase unha liña, denominada Solución Evacuación Conxunta PE Cunca e PE Rodeira, da cal se presentou documento de inicio ambiental o 14 de abril de 2020 e o 2 de xuño de 2020 presentouse unha corrección poñendo acorde as memorias técnicas co documento de inicio. Desde a SET do PE Cunca, a enerxía evacuarase mediante unha liña aérea de alta tensión de 132 kV á que se conecta a enerxía procedente do PE Rodeira ata entroncar coa liña que chega do PE Turubelo para evacuar conxuntamente a través da liña denominada LAT 132 kV SET PE Turubelo - LAT 132 kV SET PE Rodeira/SET Colectora Silleda para chegar á subestación colectora onde se transformará de 132 kV a 400 kV e así chegar ao punto final de entrega na Subestación Silleda 400 kV. Os parques eólicos de Rodeira e Turubelo, son obxecto de proxectos independentes.

Con data 24 de abril de 2020, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, remite comunicación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, onde se notifica o inicio de consultas previsto no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 decembro de Avaliación Ambiental, outorgando aos consultados un prazo de 30 días desde a recepción da solicitude para emitir o seu pronunciamento.

Segundo notificación do 17 de abril de 2020, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria remite informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXTOU), no que se comunica que todas as posicións dos aeroxeradores do parque eólico cumpren a distancia mínima de 500 m, regulada no punto 3.1 do PSEGA, respecto das delimitacións dos núcleos rurais, solo urbano e solo urbanizable. Ademais, notifícase a relación de organismos que deben emitir informes sectoriais preceptivos que serán favorables para a posterior aprobación do proxecto sectorial. Tamén se require que o proxecto sectorial inclúa unha serie de planos onde se superpoña a ordenación proposta sobre cartografía do Plan Básico Autonómico. O 4 de xuño de 2020, Green Capital Power, SL presenta a corrección requirida e solicita a continuidade da tramitación do expediente.

Con data 21 de xullo de 2020, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria remite segundo o artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 decembro de Avaliación Ambiental, o documento de alcance para a elaboración do estudo de impacto ambiental, xunto coas consultas realizadas e emitidas pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, para os efectos de que se realice o correspondente estudo de impacto ambiental.

O 31 de xullo de 2020, Green Capital Power, SL presenta ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a solicitude de acreditación de admisión a trámite do proxecto de Cunca, para o cumprimento do establecido no artigo 1 do RDL 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, recibindo devandito informe con data do 3 setembro de 2020.





O 5 de abril de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no DOG N° 62 a resolución do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do Parque Eólico Cunca, situado no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/02).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e régulanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (en diante PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN

A documentación aportada para o presente informe é a seguinte: **“ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE ÉOLICO CUNCA”, de novembro de 2020**, realizado por un equipo multidisciplinar composto polo Enxeñeiro Industrial D. Eloy Prada Hervella e pola Graduada en Bioloxía Máster en Saude Pública D.ª María Eugenia Fernández Pérez, que inclúe unha Memoria, Planos, e Anexos (Anexo I: Caracterización da comunidade faunística; Anexo II: Estudo acústico; Anexo III: Estudo de impacto arqueolóxico; Anexo IV: Reportaxe fotográfica; Anexo V: Estudo socioeconómico; Anexo VI: Proxecto de revexetación; Anexo VII: Plans de seguimento específicos; Anexo VIII: Estudo de impacto e integración paisaxística; Anexo IX: Estudo de impacto turístico; Anexo X: Avaliación de efectos acumulativos; Anexo XI: Estudo de afeccións á saúde pública; Anexo XII: Estudo da vulnerabilidade do proxecto; Anexo XIII: Estudo de parpadeo de sombras; Anexo XIV: Resposta informes organismos; Anexo XV: Bibliografía; Anexo XVI: Documento de síntese), e, **“SEPARATA AUGAS DE GALICIA (CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE) - PARQUE EÓLICO CUNCA – PONTEVEDRA (ESPAÑA)”, de novembro de 2020**, asinado polo enxeñeiro industrial D. Gustavo Javier de Domingo Sanz, colexiado N° 1.109 do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Burgos e Palencia, e





visado por esta institución en data 04/03/2021, que inclúe unha memoria e apéndices (Apéndice 1: Planos; Apéndice 2: Cálculo de caudais de deseño; Apéndice 3: Comprobacións hidráulicas; Apéndice 4: Listaxe de precipitacións). Todo elo en formato dixital (pdf).

A continuación describíense brevemente as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.

Os terreos onde se pretende instalar o Parque Eólico Cunha están localizados no Concellos de Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra. Este parque de 22,5 MW de potencia total estará integrado por un total de 5 aerogeradores de tres pás de ata 4,5 MW de potencia nominal unitaria, con rotor de 145 m de diámetro e 127,5 metros de altura de buxe. Instalarase tamén unha torre de medición eólica de ata 127,5 metros, e será necesario tamén a construción dunha subestación e edificio de control.

Cada aerogerador dispoñerá do seu propio transformador mediante o cal se conectará á rede de media tensión do parque eólico. Esta rede está constituída por unha serie de liñas subterráneas a unha voltaxe de 30 kV e enlaza os diferentes aerogeradores á subestación. Desde a subestación do Parque Eólico Cunha evacuarase a enerxía xerada nunha solución de evacuación conxunta de varios parques eólicos ata a SET Colectora Silleda 132/400 kV, de onde partirá cara á SET Silleda 400 kV.

As coordenadas UTM das infraestruturas que compoñen o parque son:

Infraestructura	Coordenadas		Municipio
	ETRS89 H29		
	X(UTM)	Y(UTM)	
Aeroxerador CU 01	561.027,00	4.736.534,00	Vila de Cruces
Aeroxerador CU 02	561.498,00	4.736.326,00	Vila de Cruces
Aeroxerador CU 03	561.584,00	4.737.188,00	Vila de Cruces
Aeroxerador CU 04	563.123,00	4.736.802,00	Vila de Cruces
Aeroxerador CU 05	563.842,00	4.737.858,00	Vila de Cruces
Torre Meteorológica	562.293,00	4.737.528,00	Vila de Cruces
Subestación (Punto)	563.600,00	4.737.535,00	Vila de Cruces
Subestación (Envolvente)	563.535,79	4.737.554,14	Vila de Cruces
	563.515,43	4.737.427,84	Vila de Cruces
	563.695,83	4.737.427,84	Vila de Cruces
	563.695,83	4.737.548,03	Vila de Cruces

A obra civil que se proxecta inclúe as seguintes infraestruturas:

- Accesos e viarios interiores.

Para a montaxe e transporte dos compoñentes dos aerogeradores realízase a ampliación de camiños existentes e créanse tramos novos.





O trazado dos camiños deseñados, tratan de crear unha baixa incidencia na contorna, reducindo no posible tanto a lonxitude como o movemento de terras, tanto por razóns económicos como de integración no medio ambiente e afección a propietarios. Nas zonas onde non existían camiños, os novos viarios foron deseñados tentando minimizar as afeccións a parcelas.

O ancho de calzada será de 5 m para todos os camiños internos e de acceso, salvo para o acceso a torre meteorolóxica que será de 4 m, e de 3,5 m para o camiño proxectado para a gabia que chega á posición do aeroxerador CU-05.

Os viarios internos do parque posúen un sistema de drenaxe conformada por elementos lonxitudinais e por elementos transversais, o que permite a restitución do caudal de auga ao noiro do terreo natural situado baixo o viario.

Para a drenaxe lonxitudinal se dimensionan catro tipos de cunetas en función do caudal e da pendente lonxitudinal do eixo do viario. Naqueles tramos nos que pola velocidade da auga ou restricións de caudal sexa necesario formigonar as cunetas, dispoñeráse un revestimento de 8 cm de formigón.

Para a drenaxe transversal se dimensionan tres tipos de tubos de formigón (600 mm, 800 mm e 1000 mm) en función do caudal e da pendente lonxitudinal.

Tamén se contemplou a execución de dúas tipoloxías de vaos inundables.

- Cimentación dos aeroxeradores e torre de medición.

O deseño e dimensións da cimentación de cada aeroxerador adaptarase aos requirimentos do fabricante do aeroxerador e ás características xeotécnicas dos chans sobre os que se sitúen.

A cimentación da torre meteorolóxica estimouse seguindo as recomendacións do fabricante.

- Plataformas de montaxe.

Para a determinación do tamaño das plataformas considerouse a orografía do terreo e as características do modelo do aeroxerador, de tal forma que se permita o traballo do guindastre que acomete a montaxe.

- Canalizacións para cableado.

Utilizaranse canalizacións para a instalación dos circuitos de media tensión entre os aeroxeradores e os tubos de entrada correspondentes na subestación, así como para a instalación da fibra óptica e o cable de terra.

Por razóns técnicas, económicas e ambientais, a gabia da rede de media tensión transcorre paralela aos camiños de acceso aos aeroxeradores.

As gabias que discorran xunto a un viario deseñado en terraplén deberán trazarse ao pé do mencionado terraplén, mentres as que discorran en escavación deberá avaliarse se poden ir pola parte alta da escavación ou pola contra é necesario colocala entre o pé do firme e o inicio da cuneta.





A gabia no caso de cable directamente enterrado terá unha profundidade mínima de 1,3 m desde a cota da rasante en gabias en terreo natural. Para gabias en terreo cultivable esta cota incrementarase, sendo a profundidade total de escavación de 1,6 m.

A canalización en cruces de vías públicas, privadas ou paso de carruaxes serán rectas, se é posible perpendiculares ao eixo das rúas e estarán formigonadas en toda a súa lonxitude e terá unha profundidade mínima de 1,3 m desde a cota da rasante.

- Instalacións Auxiliares

- Zonas de xiro que permitan o xiro dos vehículos.
- Zona de Provisións que se utilizará para o almacenamento de material durante a fase de obras (area, gravas, bovinas de condutores, maquinaria, etc.).

- Subestación transformadora e edificio de control

A subestación proxectada, SET Cunca 132/30 kV, ocupará unha extensión de 46,25 m x 41,25 m. Dentro dos límites da subestación construírse un edificio de 24,2 m x 10,50 m e un almacén de residuos de 3,70 m x 4,80 m, que se completará con instalacións auxiliares (depósito de auga, fosa séptica, etc.) no interior da propia subestación. A superficie total ocupada polas novas instalacións é de aproximadamente 1.595 m².

A subestación estará formada por un parque de intemperie de 132/30 kV e un sistema de interior de 30 kV.

A obra civil asociada á subestación transformadora é a cimentación do aparelaxe eléctrico exterior e dos pórticos de saída da liña da subestación. Formada por soleiras ou zapatas de formigón armado, a cimentación servirá como base de ancoraxe para os diferentes elementos do aparelaxe eléctrico da subestación.

Para permitir a conexión entre o transformador da subestación e a sala de celas interior do edificio de control realizaranse canalizacións subterráneas por onde poder tender o cableado de media tensión. Da mesma forma tenderanse os condutores de control e de manobra dos diferentes elementos do parque, aproveitándose a mesma gabia para instalar os condutores

Por outra banda, no punto 9 de elementos do medio, da Memoria do Estudo de Impacto Ambiental, faise unha análise da hidroloxía da zona e descríbense as seguintes actuacións do PE Cunca no ámbito do Dominio Público Hidráulico:

- O viario de acceso á subestación e zona de provisións sitúase na contorna dun curso de auga temporal sen nome que verte ao río de Orza. Trátase dunha estrada existente na actualidade que é necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes. Sobre a zona de policía deste arroio transcorrerían 84 m de viario de nova apertura debido á necesidade de axustar o radio de curvatura ás esixencias dos transportes especiais, e en torno os 222 m dun viario xa existente.
- O viario de acceso aos aeroxeradores CU01 e CU02 sitúase na contorna dun arroio temporal sen nome que verte ao río de Orza. Concretamente, o tramo que transcorre sobre a zona de policía deste arroio ten unha lonxitude de 76 m. É unha estrada existente na actualidade, que se acondicionará para permitir o tránsito dos transportes especiais.





En ditas actuacións, prevese a reposición das canalizacións existentes e a aplicación de medidas protectoras e/ou correctoras na contorna durante todas as fases do proxecto.

Asemade, na Separata de Augas de Galicia do Parque Eólico Cunca, mostrase a seguinte táboa para describir o cruzamento do viario do parque “EJE 1” co Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia mediante unha obra de drenaxe transversal (ODT) de tipo tubo:

Afección	X UTM (DATUM ETRS89, UTM H29)	Y UTM (DATUM ETRS89, UTM H29)	DPH afectado	Viario afectado	Tipo	Solución
AFECCIÓN Nº 01	565.492,23	4.738.291,27	Innominado (Afluente do Río de Orza, marxe dereita)	EJE 01	Cruzamento	ODT (tubo)

O Estudio de Impacto Ambiental recolle, entre outros aspectos, os impactos sobre a hidroloxía e medidas protectoras a aplicar. Os impactos que xerará a instalación do parque eólico sobre a hidroloxía da zona durante la fase de obras englobanse en dúas categorías:

- Alteración da calidade das augas por:
 - Depósito de sedimentos nos cursos de auga. Tendo en conta que na contorna das infraestruturas do proxecto existen pequenos arroios temporais e escorrentía de augas superficiais, as actuacións comentadas poderían supoñer un impacto significativo.
 - Contaminación pola vertedura de substancias contaminantes. Sendo ditos impactos non significativo polas medidas protectoras que se poden realizar.
- Modificación da rede hidrográfica. As alteracións na rede hidrográfica debido á execución das obras, considérase un impacto significativo xa que na contorna das infraestruturas do proxecto existen pequenos arroios temporais e escorrentía de augas superficiais.

En canto ás medidas protectoras sobre a hidroloxía contémpanse as seguintes:

- A construción de cunetas de recollida e evacuación de augas pluviais cos suficientes puntos de vertedura, para evitar a posible erosión debida á canalización da auga, e a construción á saída das embocaduras de diques de formigón e pedra, de forma que a auga á saída das embocaduras non alcance a velocidade necesaria para o arrastre de partículas.
- Evitar a elaboración de formigón na propia obra, con obxecto de diminuír o risco de contaminación das augas. As cubas de formigón limpanse na propia planta de formigóns e os canlóns da cuba na zona de provisión do parque eólico, para o que se habilitará unha zona para iso, onde se instalará unha balsa que deberá estar adecuadamente impermeabilizada. Os restos almacenados na mesma deberán entregarse a un xestor autorizado.
- Prestarase especial atención aos posibles fenómenos erosivos que se poidan producir nas zonas máis próximas aos arroios, charcas e regatos próximos ás infraestruturas proxectadas, establecendo medidas protectoras tales como a inmediata estabilización de noiros mediante a achega de terra vexetal ou mesmo a instalación de mallas geotextiles que impidan arrastres. Ademais, realizarase un seguimento da calidade das augas nos leitos durante toda a fase de obras.





- Evitaranse, na medida do posible, os movementos de terras durante épocas de choiva. No caso de que se observen arrastres notables na superficie ocupada polas obras instalaranse barreiras de retención de sedimentos como medida de protección dos leitos.
- Instalaranse sistemas protectores e de disipación de enerxía nas drenaxes transversais e lonxitudinais, evitando erosións, deposición de sólidos ou inundacións na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais. As obras de drenaxe lonxitudinal non poderán engadir a unha vaguada, áreas vertentes superiores a un 10% da superficie da propia conca. Defíniranse obras de drenaxe das pistas que garantan a debida permeabilidade entre ambos os lados.
- A maquinaria e as instalacións auxiliares localizaranse fora da área de afección hidrolóxica.
- Os trazados de novos camiños en terreos con pendentes importantes seguirán as curvas de nivel.
- Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais nas zonas de servidume e policía dos cursos de auga, nin interferirán na rede natural de drenaxe, co fin de evitar a súa incorporación ás augas no caso de choivas ou escorrentía superficial.
- Non estará permitido o lavado de maquinaria e materiais nos cursos fluviais.
- A auga que puidese ser necesaria para a realización da obra será levada mediante camións cisterna ou en depósitos e obtida de canalizacións ou de puntos de subministro autorizados, nunca de augas superficiais mentres discorren polos seus leitos naturais

Ademais, o Estudo de Impacto Ambiental recolle un plan de seguimento hidrolóxico, así como un estudo de afeccións á saúde pública que aborda novamente o impacto ao medio hídrico, mencionando a necesidade de protexer as captacións e canalizacións de auga para uso doméstico que puidesen existir na contorna. Tomaranse medidas tanto na fase de obras como na fase de explotación para garantir o abastecemento e a correcta calidade das augas. Ademais neste estudo indica que durante a fase de funcionamento, o sistema de saneamento que se proxecta é separativo, realizándose separadamente a evacuación de augas sucias e augas pluviais. O tratamento das augas residuais do edificio de control realizarase con equipos compactos, fosa séptica + filtro biolóxico, mediante un proceso anaeróbico.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca, e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

O Parque Eólico Cunca localízase no concello de Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra, dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. O sistema de explotación no que se sitúa o parque eólico é o número 05 "RÍO ULLA E RÍA DE AROUSA (MARXE DEREITA)".





Discorren, próximos as actuacións definidas na documentación de referencia, o seguinte curso fluvial codificado por Augas de Galicia: río Deza (244059) afluente do río Ulla (244), así coma os seus afluentes. O encoro máis próximo ao parque é o encoro de Touro no río Ulla, a máis de tres quilómetros ao norte das instalacións.

Pódese consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2019 da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, o viario de acceso ao parque cruza un rego innominado afluente do río Orza.

A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións proxectadas, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada:

Nº	Curso fluvial (capa rede fluvial detalle actualizada 2019 do Visor de Augas de Galicia)	Cruce / Zona de Policía	Tipo de afección á rede fluvial descrita na Separata e/o EIA	Tipo de afección á capa rede fluvial detalle actualizada 2019 do visor de Augas de Galicia (Coordenadas en UTM ETRS89 H29)
1	Rego innominado afluente do río Orza (24405938)	Cruce / Zona de Policía	O EIA describe o cruzamento dun curso de auga temporal sen nome que verte ao río de Orza polo viario de acceso á subestación e zona de provisión. Trátase dunha estrada existente na actualidade que é necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes. Sobre a zona de policía deste arroio transcorrerían 84 m de viario de nova apertura debido á necesidade de axustar o radio de curvatura ás esixencias dos transportes especiais, e en torno os 222 m dun viario xa existente. A Separata de Augas describe o cruzamento do viario do parque "EJE 1" cun rego innominado afluente do río de Orza mediante unha obra de drenaxe transversal (ODT) de tipo tubo. Tendo lugar o cruzamento con ODT (tubo) no punto de coordenadas (X=565.492,23; Y=4.738.291,27)	Afección á zona de Policía do rego innominado afluente do río Orza (24405938) polo viario de acceso ao parque entre os puntos do eixo do viario (X=565.522,15; Y=4.738.171,75) e (X=565.339,68; Y=4.738.267,70). Cruzamento do rego innominado afluente do río Orza (24405938) polo viario de acceso ao parque no punto do eixo do viario (X=565.492,23; Y=4.738.291,27).
2	Rego innominado afluente do río Orza (24405938)	Cruce / Zona de Policía	O EIA describe que o viario de acceso aos aeroxeradores CU01 e CU02 sitúase na contorna dun arroio temporal sen nome que verte ao río de Orza. Concretamente, o tramo que transcorre sobre a zona de policía deste arroio ten unha lonxitude de 76 m. É unha estrada existente na actualidade, que se acondicionará para permitir o tránsito dos transportes especiais.	Non se detectou esta afección no visor.



Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais cunha conca de aportación inferior a 1 km² ou calquera elemento susceptible de consideración como Dominio Público Hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o Dominio Público Hidráulico.

Neste senso, na documentación aportada indícase que o viario de acceso aos aeroxeradores CU01 e CU02 transcorre pola zona de policía dun arroio temporal innominado que verte ao río de Orza.

Para a execución de novos camiños de aceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de Policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais dunha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflectan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos dos ríos así como a zona de Servidume e Policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia canta documentación se considere necesaria.

Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de Policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de Servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar, en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de Servidume e Policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non atravesan ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia: <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Salientar ao respecto das zonas protexidas do PHGC, que o Tramo de Interese de Especies Ameazadas denominado "RHo Arnego" atópase a máis de 6,5 quilómetros ao leste das actuacións.





Salientar ao respecto das Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, a máis próxima ás actuacións previstas (considerando a contorna do ámbito da actuación) é a seguinte:

NOM_ZPROT	Tipo	Estado	Coordenada X (UTM ETRS89 H29)	Coordenada Y (UTM ETRS89 H29)	Observacións
Outeiro	Subterránea	Existente	565.127,92	4.737.295,49	Localízase a 330 m das actuacións previstas

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, o parque eólico atópase a un quilometro ao norte do perímetro das augas minerotermais "Balneario Os Baños de Brea", e a máis de 1,7 quilómetros ao nordés da zona de interese piscícola "Deza". Ademais as ZECs "Sistema Fluvial Ulla-Deza" e "Sobreirais do Arnego", tamén consideradas Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), atópanse a máis de 1,7 quilómetros ao suroeste e 6 quilómetros ao leste do parque respectivamente.

Por outra banda, non hai ningunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) nas proximidades.

Deberase atender ás prescricións feitas no PHGC sobre zonas protexidas, así como aos condicionantes establecidos polo Servizo de Conservación da Natureza.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación:

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscrición)	Coord. Y (Datum inscrición)
DH.A36.16187	Particular	561.394,00	4.737.093,00
DH.B36.67868	Particular	563.588,00	4.736.889,00
DH.A36.11243	Comunidade de usuarios	563.715,00	4.737.006,00
DH.A36.6742	Particular	563.975,00	4.737.702,00
DH.B36.52576	Particular	564.077,00	4.738.516,00

Asemade, unha vez revisadas as bases de datos de Augas de Galicia, constátase a existencia do expediente DH.B36.76490, en tramitación, referente ao seguinte aproveitamento de augas:

Clave	Titular	Polígono/Parcela	Coord. X (UTM-ETRS89)	Coord. Y (UTM-ETRS89)
DH.B36.76490	Particular	502/237	563.634,00	4.737.634,00

Destacar, que no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de



características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do PHGC (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, o Dominio Público Hidráulico e as súas zonas de Servidume e Policía.
- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de Policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de



construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de Servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo a súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de Policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese



claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC:

“Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escuramentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao Dominio Público Hidráulico”.

Indicar que haberá de solicitarse autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH, se se vai empregar unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica. Así mesmo, se houbese algún outro vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Tamén haberase de solicitar, ante este organismo de conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa de calquera pozo de auga, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA.



Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das función de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de Policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de Servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos dos ríos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do Dominio Público Hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveles freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de Policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.



Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de Policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de prestamos en zona de Policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **proxecto do Parque Eólico Cunca** no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao Dominio Público Hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe, así como as indicadas nos documentos sometidos a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente dende o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo, e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

A Xefa de Área de Autorizacións e Concesións-María C. Beneyto González-Baylin-(Sinatura Dixital).

O Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico-Roberto Arias Sánchez-(Sinatura Dixital).

